



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xestión da calidade en centros de maiores

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 1ª convocatoria

GRUPO: Consellería de Política Social e Igualdade

ÁREA: Consellería de Política Social e Igualdade: Política social

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Obxectivo xeneral

Proporcionar aos/as directores/as de centros de maiores os coñecementos, ferramentas e habilidades necesarias para deseñar, implementar e supervisar sistemas de xestión de calidade que garantan unha atención profesional, personalizada e eficiente, conforme aos estándares normativos e principios de mellora continua.

Obxectivos específicos

1. Coñecer os principios e modelos de xestión de calidade aplicables ao ámbito socio-sanitario.
2. Deseñar, aplicar e avaliar procedementos e protocolos de calidade en centros de maiores.
3. Establecer indicadores de seguimento e avaliación para os servizos do centro.
4. Identificar oportunidades de mellora e aplicar ferramentas para a súa implementación.
5. Garantir o cumprimento normativo e ético na xestión do centro.
6. Fomentar unha cultura organizativa orientada á excelencia, participación e satisfacción.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

- Módulo 1: Fundamentos da xestión de calidade no ámbito socio-sanitario

Duración: 4 horas

Contidos:

- Que é a calidade e para que serve?
- Modelos de referencia aplicables (ISO 9001, UNE 158101, EFQM, etc.)
- Atención centrada na persoa como base do sistema.
- Principios: mellora continua, participación, eficiencia e ética

- Módulo 2: Planificación e deseño do sistema de calidade no centro

Duración: 4 horas

Contidos:

- Manual de calidade: que é e como elaboralo.
- Protocolos e procedementos: definición, estrutura e exemplos.
- Política de calidade e compromiso da dirección.

- Módulo 3: Ferramentas de xestión de calidade e mellora continua

Duración: 4 horas

Contidos:

- Ciclo PDCA (Planificar, Facer, Verificar, Actuar).
- Indicadores de calidade: definición, seguimento e análise.
- Auditorías internas e autoavaliación.
- Detección e análise de non conformidades.
- Accións correctivas e preventivas.

Exercicio práctico: deseño de indicadores e implementación de melloras en procesos crave.

- Módulo 4: Avaliación da calidade asistencial e satisfacción

Duración: 4 horas

Contidos:

- Métodos para avaliar a calidade percibida (enquisas, entrevistas, observación).
- Avaliación da satisfacción de usuarios/as, familias e persoal.
- Indicadores de benestar, autonomía, dignidade e participación.
- Sistemas de xestión de queixas, suxestións e reclamacións.

- Módulo 5: Cultura de calidade e liderado transformacional

Duración: 4 horas

Contidos:

- O papel do liderado na mellora da calidade.
- Xestión do cambio nos equipos.
- Comunicación interna eficaz.
- Fomento da participación e corresponsabilidade.
- Recoñecemento do traballo ben feito.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios específicos da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 18/05/2026 a 08/06/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 11/06/2026 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

MARIA JOSE MENOR RODRIGUEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.